

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 21 de xullo de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(742).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(743).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 948/611.**

Dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 10.- Proposta de clasificación

- a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

LICITADOR			TOTAL
1	ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U		100,00
2	BIOMED SA		48,43
3	ANEK 53 SL. PROYECTO SALVAVIDAS		25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS SL		15,61

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(744).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS ESCOLARES DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EDUCA". EXPTE. 18628/332.**

Visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 20/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 19 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**11.- Propostas de adxudicación**

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "Vigo Educa" (18.628-332)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "Vigo Educa" (18.628-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade "Vigo Educa" (18.628-332) na seguinte orde descendente:

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
Empresa Estévez Aviión, S.L.	92,65
Autos González, S.L.	92,38
Viajes Melytour, S.L.	91,46

UTE Vda. Domínguez S.L. - Transportes La Unión, S.A. - Autoindustrial, S.L. - Castromil, S.A.	83,53
Autocares La Florida, S.A.	74,93
Empresa Raúl, S.A.	32,21

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o día 30 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida os días 13 e 14 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis

vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 14 de xuño de 2017 e 21 de xuño de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 153.780,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.980,00 euros.
- b) Sendo o prezo unitario de 77,46 euros por cada viaxe ou desprazamento escolar (ida e volta).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(745).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA NOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 17563/332**

Visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 20/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 19 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**11.-** Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 19 de xuño de 2017:*

1. **SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)**
2. **IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.**

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	Comsa Service Facility Management, S.A.U.	100
2	Clece, S.A.	98,11
3	Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L.U.	97,82
4	Elecnor, S.A.	84,58
5	Moncobra, S.A.	76,25
6	Ancin Clima, S.A.	69,95
7	Veolia Servicios Norte, S.A.U.	56,69
8	Aine Mantenimiento y Control Integral, S.L.U.	48,26
9	Termocalor Vigo, S.L.	46,97
10	Valoriza facilities, S.A.U.	29,31

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, o día 30 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 13 de xullo de 2017, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, de acordo có informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 17 de abril de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo, coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 101.870,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.680,08 euros.
- b) Incremento de 6.000 euros do importe anual destinado a mantemento correctivo, respecto do mínimo establecido na cláusula 3.3 do PPT

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(746).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A REPOSICIÓN OU MELLORA DE ELEMENTOS DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO E INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE FONTES E TÚNELES. EXPTE. 40873/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 5/07/17, e o informe de fiscalización do 19/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, asinado pola enxeñeira técnica industrial, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES.**

I.- No termo municipal do Concello de Vigo existen na actualidade un total de 46.697 puntos de luz e 772 centros de mando de titularidade municipal. Estas instalacións se atopan incluídas no contrato de mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, fontes ornamentais (Aragón, Bicentenario, Praza de América, Gran Vía, Paellera e Estanques de Montero Ríos) e instalacións de enerxía eólica e Fotovoltaica, no marco do contrato do citado contrato co obxecto da prestacións de servizos de mantemento sobre as citadas instalacións. Por outra banda nos atopamos coas necesidades do mantemento das restantes fontes ornamentais o cal é realizado directamente polos Servizos Enerxéticos do Concello.



II.- No contrato de prestacións de servizos de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, galerías de servizo e fontes, existe a obrigaición por parte da adxudicataria de subministrar determinado tipo de materias -os funxibles-. En relación cos materiais non funxibles, o citado contrato limita as actuacións aos necesarios para as reparacións no mantemento correctivo o subministro dos mesmos é coa limitación anual que se establece no contrato.

III.- A necesidade de material non funxible para as reparacións derivadas do mantemento correctivo superior á limitación que establece o contrato de referencia, de material para os traballos de mantemento realizados polo persoal propio dos Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo, para outros traballos de ampliación na iluminación pública da cidade, etc, establece unhas necesidades propias do Concello de Vigo, polo que se fai preciso a licitación dun contrato de subministro de diverso material eléctrico, composto por; soportes e accesorios, luminarias, e outro material electromecánico diversos e condutores.

IV.- O obxecto do presente contrato é a adxudicación do subministro de material eléctrico para os Servizos Enerxéticos do Concello de Vigo. Estes materiais, son necesarios para a reposición ou mellora de diversos elementos das instalacións de alumeadado público e instalacións eléctricas de fontes e túneles.

O mesmos divídese en 3 lotes:

- Lote 1: Soportes e accesorios
- Lote 2: Luminarias e os seus accesorios.
- Lote 3: Material electromecánico diverso e condutores.

Cada un dos lotes agrúpase pola súa funcionalidade, considerándose esta a mellor opción de licitación debido á necesaria especialización que os licitadores deban posuír á hora de ofertar unha tipoloxía dada de elementos funcionais: soportes e os seus accesorios, luminarias,..

V.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle a aplicación orzamentaria partida 1650.221.12.00 – Subministro de material eléctrico, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación.

VI.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial dos servizos Enerxéticos da Area de Fomento e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de maio de 2017.
- b) Decreto do Concelleiro de Fomento, Limpeza e Contratación do 31 de maio de 2017 para o inicio do procedemento de contratación.
- c) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP do contrato de subministro asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial dos servizos Enerxéticos da Area de Fomento e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario o 2/4 de xuño de 2017.

- d) Prego de prescricións técnicas particulares asinado Enxeñeira Técnica Industrial dos servizos Enerxéticos da Area de Fomento o 2 de xuño de 2017.
- e) Informe emitido pola Xefa do servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente e asinado dixitalmente o 14 de xuño de 2017.
- f) Prego de cláusulas administrativas asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 15 de xuño de 2017.
- g) Informe favorable da Asesoría Xurídica asinado pola Xefe de Asesoramento e a titular da Asesoría Xurídica municipal 4/5 de xullo de 2017.

## **II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro, segundo o previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Quinto.-** No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e no presente expediente de acordo ao carácter estandarizado do subministro, estímase como único criterio de adxudicación o prezo ofertado polo licitador, que determinárase en función das porcentaxes de descontos ofertados, de acordo coas fórmulas matemáticas establecidas nas FEC do PCAP reitor do contrato.

**Sexto.-** A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola disposición adicional segunda, apartado 7 e 8 TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a intervención municipal.

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Area de Fomento de data 2 de xuño de 2017.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 15 de xuño de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de de 150.000,00 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 26.033,06 €, polo que prezo sen IVE é de 123.966,94 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en 148.760,33 € EUROS.

División por lotes do prezo do contrato:

Lotes	Total	IVE	Prezo sen IVE
Lote 1: Soportes e accesorios.	30.000,00 €	5.206,61€	24.793,39 €
Lote 2: Luminarias e os seus accesorios.	45.000,00 €	7.809,92 €	37.190,08 €
Lote 3: Material electromecánico diverso e condutores.	75.000,00 €	13.016,53 €	61.983,47 €
<b>Total</b>	<b>150.000,00 €</b>	<b>26.033,06 €</b>	<b>123.966,94 €</b>

Distribución de anualidades:

Lotes	2017	2018	2019	Total (con IVE)
Lote 1: Soportes e accesorios.	5.000,00 €	15.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
Lote 2: Luminarias e os seus accesorios.	7.500,00 €	22.500,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €
Lote 3: Material electromecánico diverso e condutores.	12.500,00 €	37.500,00 €	25.000,00 €	75.000,00 €
Total	<b>25.000,00 €</b>	<b>75.000,00 €</b>	<b>50.000,00 €</b>	<b>150.000,00 €</b>

Trátase dun contrato de carácter plurianual (2 anos). Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1650.221.12.00 – Subministro de material eléctrico, a cal

cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, aplicándose a seguinte distribución de anualidades:

	<b>Sen IVE</b>	<b>IVE</b>	<b>con IVE</b>
<b>2017</b>	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €
<b>2018</b>	61.983,47 €	13.016,53 €	75.000,00 €
<b>2019</b>	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
	<b>123.966,94 €</b>	<b>26.033,06 €</b>	<b>150.000,00 €</b>

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(747).- PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI IV-01 SAN ROQUE (BARRIO DE RIBADAVIA). EXPTE. 308/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Urbanización e Infraestruturas e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES E FEITOS**

I.1.- Con data do 28.06.2004 o Pleno da corporación, acordou, entre outros pronunciamentos, prestar aprobación definitiva ao “PERI IV-01 San Roque “A”, de iniciativa municipal, redactado polo servizo de Planeamento e Xestión desta Xerencia municipal de urbanismo (Expte. 8159/411).

No ámbito de actuación do nomeado PERI, e no que aquí nos interesa, delimitáronse dúas actuacións illadas, iso é, a “1” para o ensanche e reposición de servizos na rúa Ribadavia e a “2” para a obtención dunha parcela cun uso dotacional público, que foron obxecto de senllos expedientes expropiatorios tramitados baixo os números 201/413 e 202/413, respectivamente.

I.2.- Con posterioridade a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 31.03.2008, prestou aprobación técnica ao proxecto denominado “Proxecto de urbanización de actuacións illadas dentro do PERI IV-01 San Roque “A” (Expte.4781/401), que definía actuacións de ampliación e mellora na rúa Ribadavia e nas Travesías 1ª e 2ª do Barrio de Ribadavia (sen que conste na data actual, que se levará a cabo ningún tipo de actuacións incluídas no referido proxecto).

I.3.- Xa que logo, dado o tempo transcorrido e por mor do deterioro que presenta o Barrio de Ribadavia desta cidade de Vigo, e como continuación da xestión desenvolta ata este intre, en data 15.06.2017 o Consello desta XMU, acordou, incoar a contratación das obras de urbanización no PERI IV-01 San Roque “A” Barrio de Ribadavia, e no que aquí nos interesa, incoar a proxectar ou adaptar o xa proxectado ata este intre.

I.4.-Segundo o disposto no parágrafo anterior, e en cumprimento do acordado polo Consello desta XMU, o servizo de urbanización e infraestruturas, redactou o proxecto nomeado "Proyecto de obras de urbanización en el PERI IV San Roque A, Barrio de Salamanca", documento datado en xullo de 2017.

I.5.- Con data do 17.07.2017 o enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe favorable ás actuacións que se proxectan no presente expediente, co seguinte teor literal,

*" (..)Con fecha 28 de Junio de 2004 se aprobó definitivamente el PERI IV-01 San Roque A ( Exp – 8159/411 ) redactado por el servicio de Planeamiento de esta Gerencia de Urbanismo.*

*En el apartado 6. Plan de Etapas del citado documento, se fijaban una serie de actuaciones a desarrollar por el Concello de Vigo, dentro de las actuaciones de iniciativa pública. Entre las acciones incluidas en aquel apartado, están las denominadas Actuaciones Aisladas A.I.4 Mellora de accesibilidade 1ª Travesía Barrio de Ribadavia, A.I.5 Mellora de accesibilidade 2ª Travesía Barrio de Ribadavia, A.I.3 Mellora de accesibilidade Vivendas Rúa Colombia, A.I.1 Ampliación tramo Rúa Rivadavia y A.I.6 Apertura acceso Couto Piñeiro/vivendas Rúa Colombia.*

*En su momento, y dentro de la Actuación Aislada A.I.1, se llevaron a cabo las expropiaciones necesarias ( Exp – 201/413 ), para conseguir los terrenos precisos para la Ampliación del tramo de la Rúa Ribadavia.*

*Con el Proyecto que se informa, redactado por el servicio de Urbanización e Infraestructuras de esta Gerencia de Urbanismo, se pretende la urbanización de esa Ampliación del tramo de la Rúa Rivadavia ( completando el objetivo de la A.I.1 ), las mejoras de las travesías 1ª y 2ª del Barrio Ribadavia, y de la calle Churrera ( que conecta entre si las dos anteriores ), dado que son viales municipales en un estado evidente de abandono, con innumerables viviendas ocupadas, otras en ruinas o simplemente ya demolidas.*

*La situación de los servicios básicos como los de abastecimiento y saneamiento ( pluviales y fecales ), deducidos del correspondiente informe de la concesionaria AQUALIA ( se adjunta copia ), reclaman una actuación de renovación de los mismos.*

*El alumbrado público, con tendidos aéreos y en fachada, esta compuesto por luminarias nada eficientes; el pavimento de estas calles está suficientemente degradado, como para requerir su renovación.*

*El resto de las habituales servicios urbanísticos, telecomunicaciones, suministro de energía eléctrica, presentan un despliegue en fachada con pasos aéreos entre las mismas, totalmente distorsionador de una imagen urbana actualizada.*

*Además, en las inmediaciones de este Barrio de Ribadavia, se han llevado a cabo y/o están próximas a ejecutarse, obras de reurbanización, en concreto en las calles Colombia, Couto Piñeiro, y Pizarro.*

*En definitiva, la finalidad de este Proyecto es tanto completar objetivos de iniciativa pública ya marcados en el PERI, como dotar de una urbanización actualizada a viales existentes, motivo por el cual se informa favorablemente”.*

I.6.- Incorpórase ao presente expediente, o informe suscrito conxuntamente pola Area de abastecemento e pola área de saneamento, co conforme do xefe de produción do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, “Aqualia”, verbo do estado e das necesidades da renovación das redes de abastecemento e saneamento do Barrio de Ribadavia.

I.7.- No que atinxe á existencia de crédito necesario e suficiente para acometer ditas actuacións, consta indicado na incoación do expediente núm. 9895/407, relacionado co presente, á existencia no orzamento municipal dun crédito de 446.928,50 euros, que se foi incorporando ata o vixente exercicio con cargo ao remanente de Tesourería afectado.

## II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- O Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

## III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**III.1.-** A natureza do presente proxecto técnico de urbanización parcial é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobarán segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o

conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no proxecto ao que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica no informe emitido polo xefe de urbanización e infraestruturas en data 17.07.2017, proxecta obras de ampliación do tramo da rúa Ribadavia, a mellora das travesías 1ª e 2ª do Barrio Ribadavia, e da rúa Churrera (que conecta entre si as dúas anteriores).

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

**III.2.-** As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data xullo de 2017, emprazándose no ámbito do “PERI IV-01 SAN ROQUE“A”.

A zona na que se implantarán todas as actuacións do presente proxecto, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), se sitúan en solo público municipal, coa cualificación urbanística de solo urbano consolidado.

**III.3-** A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo xefe de urbanización e infraestruturas en data 17.07.2017 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### **Acordo**

Primeiro.- Prestar aprobación ao Proxecto de obra ordinaria nomeado “*Proyecto de obras de urbanización en el PERI IV San Roque “A” (Barrio Ribadavia)*”, documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data xullo de 2017, dos que se xuntan dúas copias en soporte papel.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións, unha vez rematado o respectivo procedemento de contratación, que se tramita nesta administración baixo o expediente núm. 9895/407

1.- De conformidade coas características das obras a realizar, e tal e como se reflicte no proxecto técnico, fíxase un prazo de execución de 4 meses.

2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal

3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.

4.- Unha vez rematadas as obras terá que presentar nesta administración o certificado de remate de obra asinado polo técnico director e, no seu caso, visado polo seu colexio oficial

correspondente ou debidamente supervisado, así como o xustificante de entrega de residuos de construción e demolición a empresa xestora autorizada co fin de que se proceda á oportuna comprobación polos técnicos municipais.

5.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

6.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

7.- O promotor das obras estará obrigado consonte ao pautado no RD 1627/1997, a elaborar un estudo de seguridade e saúde.

8.- Son de obrigado cumprimento as condicións impostas no informe emitido conxuntamente pola Area de abastecemento e pola área de saneamento, co conforme do xefe de produción do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, "Aqualia", en data 16.05.2017.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Remitir copia do presente acordo ao departamento de Servizos Centrais desta XMU.

Con data 20/07/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: *"O Consello por unanimidade acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución"*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez